# Anexo 1.- Situación e localización

O campo de ensaio está situado no Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo, no lugar de Bos pertencente a parroquia de Santa María de Guísamo (Concello de Bergondo), integrado dentro do territorio que comprende a IXP "Viños da terra de Betanzos".






A finca ten unha pendente suave con orientación sur e as filas de viñedo están dispostas en dirección noroeste - surleste.

As coordenadas UTM do centro da parcela son X 558455 e Y 4795296, con unha altitude de 160 metros snm.

Podemos ver a localización exacta da parcela no plano con ortofoto do CFEA Guísamo que se xunta con este anexo.

A parcela experimental está constituída por 8 filas de plantación de 66 metros de longo, con distancias de 1,1 metros entre plantas e 3 metros entre liñas. En cada unha de estas filas vaise rotando a variedade, o patrón e o tipo de condución segundo o seguinte esquema:

| Fila | | **Plantas 1 a 30** | **Plantas 1 a 31** |
|---|---|---|---|
| | **1** | Agudelo guyot 196-17 | Blanco lexítimo guyot 196-17 |
| | **2** | Blanco lexítimo guyot 196-17 | Agudelo guyot 196-17 |
| | **3** | Agudelo cordón 196-17 | Blanco lexítimo cordón 196-17 |
| | **4** | Blanco lexítimo cordón 196-17 | Agudelo cordón 196-17 |
| | **5** | Agudelo guyot 101-14 | Blanco lexítimo guyot 101-14 |
| | **6** | Blanco lexítimo guyot 101-14 | Agudelo guyot 101-14 |
| | **7** | Agudelo cordón 101-14 | Blanco lexítimo cordón 101-14 |
| | **8** | Blanco lexítimo cordón 101-14 | Agudelo cordón 101-14 |

Con este anexo xúntase un esbozo da distribución das plantas na parcela.


558400
558500
558600
558700
558800
N
4795700
4795600
4795500
4795400
Campo de ensaio
E: 1/2.000



Agudelo guyot patrón 196-17

Blanco lexítimo guyot patrón 196-17

Agudelo cordón patrón 196-17

Blanco lexítimo cordón patrón 196-17

Agudelo guyot patrón 101-14

Blanco lexítimo guyot patrón 101-14

Agudelo cordón patrón 101-14

Blanco lexítimo cordón patrón 101-14

Marras

E: 1/300